

ACTA DA VIXESIMOSEGUNDA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES POR VÍA TELEMÁTICA:

POLA FEGAMP:

Lucía González Louro – Técnica de Medio Ambiente da Fegamp

POLA XUNTA DE GALICIA:

Soledad Castro Díaz – Vicesecretaria Xeral da Consellería de Medio Rural

Carmen Seco García – Xefa de servizo de actuacións preventivas

ASISTENTES PRESENCIALES:

POLA XUNTA DE GALICIA:

David Prieto Fernández – Subdirector Xeral de Defensa do Monte

POR SEAGA:

Luisa Piñeiro Arcos – Directora Xerente

Pablo Arbones Maciñeira – Director de Administración e Servizos Xerais

Carmen Paz López – Enxeñeira de Montes

Sendo as 10:00 horas do día 28 de outubro de 2022, réunese a Comisión de Seguimento do Convenio previamente citados baixo a seguinte:

ORDE DO DÍA

- 1) Lectura e aprobación da acta 21ª da reunión da Comisión do 14 de xullo de 2022.
- 2) Tramitación da quinta addenda ao convenio.
- 3) Rogos e preguntas.

Aberta a sesión polo Presidente, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

I.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA 21ª DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 14 DE XULLO DE 2022.



Unha vez revisada a acta pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica, procédese á aprobación da mesma, acordándose a súa sinatura por medios telemáticos, pola Secretaria da Comisión e o Presidente, e o seu posterior envío aos restantes membros da Comisión.

II.- TRAMITACIÓN DA QUINTA ADDENDA AO CONVENIO.

O que se pretende con esta nova addenda é dar continuidade aos traballos aprobados nas comisións de seguemento celebradas con anterioridade e planificar e incorporar as modificacións que vai sufrir a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e que se recollerán na lei de medidas que se publicará a finais de ano.

A Vicesecretaria Xeral da Consellería de Medio Rural propón que, debido a urxencia para proceder a aprobación do crédito correspondente a anualidade 2022 e da renovación do convenio para poder continuar cos traballos acordados, é mellor facer unha nova addenda ao Convenio con carácter de urxencia, e posteriormente facer outra addenda ou un novo convenio onde se recollerán a planificación dos traballos e outras cuestións para promover a adaptación do Convenio a Lei.

Para isto último, propónse convocar un grupo de traballo, do que xa se acordaron as condicións na anterior comisión de seguimento, e do que salga a programación das actuacións a realizar.

Coméntanse algunhas das modificacións da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que aparecerán na lei de medidas a finais deste ano:

- Modificación no procedemento de notificacións, que terán unha validez de 3 anos, si se constata o incumprimento.
- Nas execucións subsidiarias realizadas, abrir un prazo de pago voluntario e de non producirse este pasaríase a facer o cobro a través da ATRIGA.
- Os Concellos adheridos ao Convenio de colaboración de xestión da biomasa nas faixas secundarias, na data de entrada en vigor desta lei, que non dispoñan dun Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais aprobado, dispoñerán do prazo de 18 meses para a súa aprobación, senón quedarán excluídos do Convenio.

Propónse convocar unha reunión do grupo de traballo para a semana do 7 ao 11 de novembro, e por parte da FEGAMP se solicita que se envíe a documentación necesaria aos participantes para poder levar un primeiro borrador do novo convenio, no que se teña en conta, ademais dos cambios establecidos na lei de medidas, tamén as propostas de mellora trasladadas ao conselleiro e ao director xeral no seu día e compiladas na xornada de traballo cos técnicos das entidades locais adheridas ao convenio. Tamén que o convenio garanta que todos os



concellos adheridos dispoñan do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios no prazo introducido na lei de medidas.

III.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai rogos nin preguntas polo que, sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 10:30 horas da data sinalada no encabezamento.

